

DOC. 15011 1641

SECRETARIA VERBA DO PLENO	
COMISSÃO DE VOTO	
REGISTRO	
N.º ENTRADA: 1189/1601	N.º SAÍDA: 944/1101
DATA 24.09.15	DATA 1.10.15

**MODIFICAÇÃO**  
**ORDENANZA FISCAL REGULADORA**  
**DAS TAXAS POLA PRESTACIÃO DE**  
**SERVICIOS DE SUBMINISTRACIÃO DE**  
**AUGA POTABLE, REDE DE**  
**SUMIDOIROS, SANEAMENTO E**  
**DEPURACIÃO DE AUGAS RESIDUAIS.**  
**(60)**

**2016**

**MEMORIA  
DA  
ALCALDÍA**

DIRECCION  
DE  
INGRESOS

CONCELLERÍA  
DE  
ORZAMENTOS E FACENDA

CONCELLO  
DE VIGO

## MEMORIA DA ALCALDIA

Os principios de “autonomía” e “suficiencia financeira” das Entidades Locais adquiriron rango constitucional conforme ao disposto nos artigos 140 e 142 da Carta Magna, sendo recollidos tanto na Lei 7/85 de 2 de abril de bases de réxime local (artigo 106.1 e 2) como na Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (artigo 331.1).

En aplicación de tales principios, e de conformidade co artigo 133.2 do texto constitucional e artigos 15 a 19 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo (Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais), someto a aprobación plenaria a “Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora das taxas por subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais”

A presente modificación implica só a recuperación do efecto da depreciación monetaria experimentada entre 30 de abril 2012 e 30 de abril 2015, quedando a tributación, en términos reais, en valores inferiores aos do ano 2012.

Vigo, Setembro de 2015  
O ALCALDE,

Asdo.: Abel Caballero Alvarez



Métodos y proyectos



A A A



Productos y servicios

Sede electrónica

Productos y Servicios / El IPC en un clic / ¿Cuánto ha variado el IPC desde...?

Tabla

### Cálculo de variaciones del Índice de Precios de Consumo (sistema IPC base 2011)

Variación del Índice General Nacional según el sistema IPC base 2011 desde **Abril de 2012 hasta Abril de 2015**

	Índice	Porcentaje(%)
Nacional		1,1

El método utilizado para el cálculo de las tasas de variación del IPC se describe en la metodología Preguntas frecuentes sobre el IPC



CONCELLO DE VIGO

Dirección de Ingresos

**ESTIMACIÓN, PARA O ANO 2016, DA PREVISIÓN DE CUSTES E INGRESOS DOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.**

Segundo o artigo 24.2 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais) a determinación da contía das taxas por prestación de servizos farase tendo en conta a previsión de "custes directos e indirectos, de carácter financeiro, amortización de inmovilizado e os necesarios para garantir o mantemento e un desenvolvemento razoable do servizo.

**METODOLOXÍA.**

A. Realízase unha determinación do custe unitario por m<sup>3</sup> de auga facturada para o exercicio 2016 no que se computa o custe da estricta explotación a máis das partidas de recuperación financeira de investimentos, canon e custes indirectos.

B. Realízase unha estimación da tarifa media para o ano 2016 a partires dos datos reais de facturación contidos nos padróns fiscais dos primeiros seis meses do ano 2015.

C. Establécese a comparación entre o custe unitario e a tarifa media para determinar o incremento de taxas co fin de financiar total ou parcialmente o servizo.

D. Por último, determínase o incremento proposto na Ordenanza fiscal a partires do 1 de xaneiro de 2016.

**A) ESTIMACIÓN DO CUSTE UNITARIO.**

Para determinar o custe unitario de explotación en términos estrictos, tómanse como punto de partida os valores e momentos temporais aplicados no expediente correspondente ao estudo da retribución da concesionaria para o exercicio 2014:

$$Kt(2014) = 0,606 \times \frac{100,8}{100} + 0,176 \times \frac{1.056,6}{1.107,0} + 0,108 \times \frac{3.488,3}{3.450,2} + 0,06 \times \frac{100,3}{100} + 0,05 =$$

$$Kt(2014) = 0,998208$$

Custe unitario (2013) = 0,6950 euros/m<sup>3</sup>.

Corresponde á aplicación da fórmula polinómica prevista na base 86ª do Prego de Condicións económico-administrativas que rixe a Concesión deste Servizo.



## CONCELLO DE VIGO

Dirección de Ingresos

- Os índices aplicados ao coeficiente 0,606 de man de obra está baseado no incremento recollido do convenio colectivo do persoal para o ano 2014 (0,8%).
- Os índices de prezos de materiais siderúrxicos aplicados ao coeficiente 0,176 corresponden 1.056,6 a decembro 2013 e 1.107,0 a decembro 2012.
- Os índices de prezos de enerxía aplicados ao coeficiente 0,108 corresponden, 3.488,3 a decembro 2013 e 3.450,2 a decembro 2012.
- Os índices xerais de prezos aplicados ao coeficiente 0,06 de gastos xerais corresponden ó I.P.C. interanual para decembro 2013 (0,3%).

Así o **custe unitario** do ano **2014** será de :  $0,6950 \times 0,998208 = 0,6938 \text{ €/m}^3$

### **Determinación do custe unitario para 2015.**

Utilízanse como momentos iniciais na aplicación da fórmula, os momentos finais da fórmula anterior .

Realízase pois unha estimación de incremento do factor man de obra ata decembro do 2015, tendo en conta as táboas salariais acordadas no Convenio Colectivo asinado co persoal para o ano 2015, que supoñen un incremento do 0,9% respecto as do ano anterior.

Os derradeiros índices de prezos de materiais siderúrxicos e enerxía publicados son os do mes de decembro de 2013. Polo tanto non consideramos variación con respecto a fórmula do ano anterior.

Para a revisión do termo de gastos xerais temos en conta o I.P.C, interanual para decembro 2014 (-1%)

$$Kt(2015) = 0,606 \times \frac{100,9}{100} + 0,176 \times \frac{1.056,6}{1.056,6} + 0,108 \times \frac{3.488,3}{3.488,3} + 0,06 \times \frac{99,0}{100} + 0,05 =$$

$$Kt(2015) = 1,004854$$

Polo tanto, o custe unitario estimado será de:

$$0,6938 \times 1,004854 = 0,6972 \text{ €/m}^3$$

Estimación de custe unitario para o exercicio 2015 calculado con índices de aceiro e enerxía ata decembro de 2013, índice xeral de prezos ata decembro 2014 e custes salariais por convenio ata decembro de 2015 =  $0,6972 \text{ €/m}^3$



## CONCELLO DE VIGO

Dirección de Ingresos

I.- Estimación custe unitario estricta explotación para 2016 ..... 0,6972 €/m<sup>3</sup>

En relación as restantes partidas que tamén integran o custe por m<sup>3</sup> de agua facturada para o exercicio 2016, tomamos en conta ás contías que constan en Informe-proposta de expediente 101177/140, de data 15 de febreiro de 2008 do Xefe de Servizo de Investimentos (último expediente de retribución á concesionaria aprobado).

II.- *Canon municipal* ..... 0,0300 €/m<sup>3</sup>

III.- *Financiamento explotación E.D.A.R. colectores período 1/8/98-31/12/98* ..... 0,0032 €/m<sup>3</sup>

O canon municipal non experimenta ningunha variación respecto do establecido para o exercicio 2007, segundo expresa o presente informe. Nembargantes o financiamento da explotación da E.D.A.R. e C.M.R. do período 01/05/1998-31/12/1998, **elimínase** para o ano 2016 debido a que a súa recuperación remata o 31/12/15 .

Respecto da Recuperación do Plan de Investimentos e a Recuperación financeira dos terreos e investimentos EDAR Lagares, reproducése, de forma íntegra, o contido do informe de data 15 de febreiro de 2008 anteriormente mencionado.

β) **Recuperación do plan de investimentos.**- *Achégase, a petición da entidade concesionaria o modelo de recuperación dos investimentos comprometidos e das desviacións detectadas sobre a tarifa media, que xa foron obxecto de aprobación ata o exercizo 2005, así como as definitivamente imputables ó ano 2006 (3.429.300,60€).*

*A estrutura do modelo financeiro, os parámetros nel incluídos e a súa forma de cálculo non alteran en forma ningunha as formulacións de tarifa media que serviron de base para aprobación de anteriores expedientes de actualización de retribución e de revisión de taxas.*

*Nembargantes o anterior, é de significar que o carácter puramente dinámico do modelo financeiro esixe a súa actualización ou axuste ó peche de cada exercicio económico, e en tal sentido debe destacarse a introducción de certas modificacións nas variables que a continuación se explicitan:*

1º *Actualización das desviacións rexistradas no exercicio 2006:*

**Referidas á tarifa media.** - *De conformidade coa certificación emitida polo Director de Administración e Finanzas de Aqualia, os resultados de explotación son os seguintes:*

*Volume de facturación: 39.736.971 m<sup>3</sup>.*

*Importe: 34.686.351,72€ (IVE excluído)*

*A tarifa media real e a seguinte:  $\frac{34.686.351,72€}{39.736.971m^3} = 0,8729€/m^3$*



CONCELLO DE VIGO

Dirección de Ingresos

Tendo en conta que a tarifa media ou retribución aprobada (Xunta de Goberno Local 27/05/2007) ascende a 0,9592€/m<sup>3</sup>, a desviación por este concepto supón:

$$(0,9592 - 0,8729) \times 39.736.971\text{m}^3 = 3.429.300,60\text{€}$$

A criterio do informante non procede recoñecemento das inversións comunicadas pola entidade concesionaria, por importe de 316.456€, correspondentes a actuacións realizadas na EDAR do Lagares salvo que se acredite o encargo das obras correspondentes por parte do órgano municipal competente ou, no se caso, Concellalía delegada, que quedará supeditado á verificación da execución do proxecto a través da respectiva acta de recepción.

2º Respecto ó cadro de recuperación de investimentos que se fai figurar como anexo 4 na petición de revisión da retribución da entidade concesionaria, é de significar o seguinte:

- Adquisición de terreos EDAR do Lagares, activada no mes de maio do ano 1996.

Terreos adquiridos para a construción da EDAR do río Lagares.- Con data 10 de abril de 1996, mediante escritura pública outorgada ante o Notario D. José Antonio Rodríguez González, baixo o número 1019 do seu protocolo, esa entidade concesionaria adquiriu unha superficie aproximada de 28,288 m<sup>2</sup>, sobre a que se asenta a EDAR do río Lagares.

Os gastos xerados como consecuencia da dita actuación foron os seguintes:

Importe adquisición:

28.287 m<sup>2</sup> x 6.000 ptas./m<sup>2</sup> 169.722.000

Honorarios notario:

Minuta 01/961019	1.824.841	
Minuta 02/960103	1.740	
Minuta 03/960254	<u>23.200</u>	1.849.871

Delegación Consellería de Economía e Facenda:

Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.		<u>10.183.320</u>
TOTAL		181.755.101

181.755.101 x 1,11 = 201.748.162 (cifra a recuperar) 1.212.531€, que se activa no modelo de recuperación nos mes de maio de 1996.

- Desviación correspondente á asunción da explotación da EDAR do Lagares entre os meses de agosto a decembro do ano 2000.





CONCELLO DE VIGO

Dirección de Ingresos

A Comisión municipal de Goberno en sesión de data 24 de febreiro de 2000, e de conformidade co informe emitido pola Secretaria Xeral acorda que o tratamento de lamas queda comprendido no concepto da xestión integral do servizo de abastecemento de augas e saneamento, invocándose para iso o número 3 da Base primeiro do Prego de Condicións Económico-Administrativas da concesión.

A entidade concesionaria ofertou facerse cargo do servizo por un importe de 6,7 ptas./kg, o que se traduce nunha cantidade anual de 100.500.000 ptas., sobre unha produción estimada de 15.000 Tm/año. Dito custe deberá ser reducido na cantidade de 27.900.000 ptas., xa consideradas no estudo de explotación da EDAR do Lagares, sobre o que emitiu informe favorable o xefe do servizo de Aforro Enerxético.

Como consecuencia do acordo da Comisión Municipal de Goberno, anteriormente citada, a entidade concesionaria asumiu a prestación do servizo de eliminación de lamas con data 1 de agosto de 2000.

$72.600.000 \text{ ptas.} / 12 \times 5 = 30.250.000 \text{ ptas.} = 181.810\text{€}$  que se activa entre os meses de agosto e decembro do ano 2000 (en contía de 36.362 €/mes)

– Investimento correspondente ó cumprimento da Sentencia do Tribunal Supremo.

A sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Contencioso Administrativo, Sección Sexta) resolveu estimar o recurso contencioso administrativo, anulando o acordo da Comisión Municipal de Goberno de 27/3/92, que acordou suspender cautelarmente a ordenación de pagamentos derivados do acordo plenario do 28/11/91, e, na súa consecuencia, decidiu recoñecer plena validez e eficacia ó convenio expropiatorio suscrito entre a Comisión Negociadora Municipal e a Comisión Negociadora Veciñal, que fixou a cantidade indemnizadora na suma de 3.000 ptas./m<sup>2</sup>.

E por isto que o cumprimento, nos seus propios termos, da precitada sentenza esixelles inexcusablemente o aboamento inmediato ós titulares expropiados da cantidade total de 184.320.000 pesetas, baseándose nunha valoración unitaria de 3.000 ptas./m<sup>2</sup>, sobre unha superficie total pendente de adquisición de 61.440m<sup>2</sup>, segundo informe do xefe de servizo de Topografía do 31/3/00.

$61.440 \times 3.000 = 184.320.000$
Notaría = <u>4.000.000</u>
<b>TOTAL = 188.320.000</b>

$188.320.000 \times 1,11 = 209.035.200$  (cifra a recuperar) **1.256.330€** que se activa no modelo de recuperación con data marzo 2001.

– Desviación relativa a asunción de débedas a cargo da administración municipal.



CONCELLO DE VIGO

Dirección de Ingresos

Corresponde o cumprimento do acordo da Comisión Municipal de Goberno de data 24 de febreiro de 2000, relativo a asunción por parte da entidade concesionaria da débeda contraída pola administración municipal coa entidade SOGARISA, que figura no cadro de recuperación como desviación activada no mes de marzo de 2001 pola cantidade de 497.760€

- Execución de investimentos acordados no Pleno desta Corporación (sesión de data 22 de outubro de 2001), **activado no mes de novembro de 2001.**

- Modificacións en bombeo emisario EDAR Lagares **210.354€**
- Cúpula dixestor EDAR Lagares **102.172€**

- Previsión de gastos de transmisión ó Concello de Vigo dos terreos adquiridos para a instalación da EDAR do Lagares (28.287m<sup>2</sup>)

Así mesmo prevense os gastos necesarios para a transmisión dos terreos ós que se fan referencia do apartado letra a) precedente a favor do Concello de Vigo por tratarse de terreos que figuran adscritos a un servizo público e a súa propiedade debe rexistrase a favor desta Administración Municipal.

A estimación de gastos é a seguinte:

Custe de venda de terreos ó Concello: (Estimación axustable)	
Notarios, rexistro,...	= 2.000.000
Impostos (IVE15%) = 181.755.101x16 =	<u>29.080.816</u>
<b>TOTAL</b>	<b>31.080.816</b>

31.080.816 x 1,11 = 34.499.706 (cifra para recuperar) **207.350€**, que se activa no modelo de recuperación xaneiro 2008.

A recuperación dos investimentos agrupados neste apartado supón unha repercusión en tarifa, con efectos do 1 de xaneiro de 2007, de **0,0107€/m<sup>3</sup>**.

3º A demanda de abastecemento prevista para o exercizo 2007, coincide coa fixada no modelo de recuperación aprobado polo pleno en sesión de data 9 de decembro de 1998. Neste sentido parece conveniente resaltar que se continúa observando unha tendencia favorable da evolución da demanda de abastecemento e por tanto das cifras de facturación previstas no modelo económico previsional, elaborado segundo acordo plenario de 9/12/1998, segundo o seguinte detalle:

**DEMANDA ABASTECIMENTO**



CONCELLO DE VIGO

Dirección de Ingresos

ANO	MODELO FINAN. RECUPERACIÓN PLENO 9/11/98	VOLUME REAL FACTURADO	DIFERENCIA M <sup>3</sup>	VARIACION %
2004	35.057*	38.120*	3.063*	+ 8,74%
2005	35.632*	39.955*	4.323*	+12,13%
2006	36.216*	39.737*	3.521*	+ 9,72%

\*Miles de m<sup>3</sup>

4º O tipo de xuro previsto no modelo financeiro para o exercizo 2007 establécese no 6,70%, cunha redución de 0,46 e 0,45 puntos porcentuais con respecto á previsión de evolución desta magnitude establecida no modelo financeiro pola entidade PRICE WATERHOUSE COOPERS, que prognosticaba un tipo de xuro do 7,16% e 7,15% para o primeiro e segundo semestre respectivamente do exercizo económico 2007.

5º Permanece invariable a prognose de evolución da demanda do abastecemento, introducida no acordo plenario de 9/11/98, que establecía un incremento acumulativo do volume a facturar equivalente o 1,64% a partir do exercicio 1998 se ben as cifras de facturación reflectidas nos anos 1998, 1999, 2000, 2001, 2002, 2003, 2004, 2005 e 2006 correspóndese coas realmente xiradas ós usuarios do abastecemento.

6º Os tipos de xuros a partir do ano 2008 coinciden cos establecidos no modelo de cálculo elaborado pola consultora PRICE WATERHOUSE COOPERS segundo a evolución prevista do custe total medio do dito parámetro, sen prexuízo das actualizacións que procedan unha vez comprobado o custe financeiro real de cada ano.

7º Actívanse no modelo de recuperación (Anexo 2) investimentos por importe de 15.251.296,69€, cuxa fórmula de financiamento ten o seu encaixe no acordo plenario de data 31/3/2003. A execución das ditas actuacións foi encomendada a entidade concesionaria de conformidade cos acordos adoptados nos órganos municipais e sesións que a continuación se indican:

a) NO QUE ATINGUE AS DECISIONS ADOPTADAS POLOS DISTINTOS ORGANOS MUNICIPAIS RESPECTO O ENCARGO E CONSEQUINTE ORDE DE EXECUCION DAS INVERSIONS A ENTIDADE CONCESIONARIA DO SERVIZO.

Na tabla que se achega, no presente apartado, especificanse os distintos acordos adoptados pola Administración Municipal, que serviron de base para a contratación das inversións, por parte da entidade concesionaria, así como a asunción dos correspondientes compromisos económicos cos diferentes contratistas, que resultaron adxudicatarios.



CONCELLO DE VIGO

Dirección de Ingresos

TITULO PROYECTO	ADJUDICACION	IMPORTE
P. COMPLEMENTARIO SANEAMIENTO CABRAL	X.G.L. 20/09/2004	1.050.176,23€
BOMBEO MONTE CEPUDO	X.G.L. 20/09/2004	79.884,99€ dif. con aprob. tca. (X.G.L. 26/07/2004)
ACOMETIDAS SANEAMIENTO VALADARES	X.G.L. 20/09/2004	348.802,72€
AMPLIACION SANEAMIENTO BEMBRIVE 2º FASE	X.G.L. 20/09/2004	1.175.069,90€
COLECTOR RESIDUAIS AV. CASTRELOS DENDE PAZO QUINONES DE LEON	X.G.L. 20/09/2004	131.076,09€ dif. con aprob. tca. (X.G.L. 02/08/2004)
MELLORA COLECTOR (CORUXO)	X.G.L. 20/09/2004	169.563,97€
SUST.COLECTOR SANEAM. XUNTO M. BOUZAS	X.G.L. 20/09/2004	39.205,00€
REPOS. REDE ABASTECIMIENTO R.COLOMBIA	X.G.L. 20/09/2004	92.852,00€
MELLORAS NA EDAR DE TEIS	X.G.L. 20/09/2004	257.324,41€
CRUCES CANALIZACION REGO G.VIA E SAMIL	X.G.L. 20/09/2004	23.315,00€
HONOR. REDAC. PROX. PROL. EMISARIO ALCABRE/EMISARIO DO ALIVIAD. R. CORUÑA	X.G.L. 20/09/2004	87.500,00€
<b>ACOMETIDAS PROX. COMPLEM. SAN. BEADE</b>	X.G.L. 20/09/2004	102.064,01€
ACTUACIONES EN COLECTORES VECIÑAIS	X.G.L. 14/12/2005	1.583.202,87€
EVACUACIONES PLUVIAIS "O VAO"	X.G.L. 14/12/2005	120.272,79€
CAMBIO TRAZADO COLECTOR GLI-4 CAÑOTAIS	X.G.L. 14/12/2005	20.813,51€
SUSTITUCION FC POR FUNDICION ARAGON INT.	X.G.L. 14/12/2005	6.412,54€
SUSTITUCION COLECTOR EN SAA-MONTE	X.G.L. 14/12/2005	156.479,30€
AMPLIACION SANEAMIENTO ROTEAS-HERMIDA	X.G.L. 14/12/2005	77.421,00€
SUSTITUCION COLECTOR Cº QUIRINGOSTA	X.G.L. 14/12/2005	28.781,54€
CONEXIÓN VERTIDO EDAR ZOO A REDE XERAL	X.G.L. 14/12/2005	98.843,53€
LIQUIDO PECHE PERIMETRAL	X.G.L. 14/12/2005	183.026,61€
ACTUACIONES REDE SANEAMIENTO COUTADAS	X.G.L. 14/12/2005	10.869,34€
HONORARIOS DIREC. E COORD. SEG. E SAUDE	X.G.L. 14/12/2005	98.071,69€
SUMINISTRACION AUGA O CONCELLO DE VIGO, CONEXIÓN CASAL VALLADARES E PECHE PERIMETRAL	PLENO 31/03/2003	7.049.844,65€
ABASTECIMIENTO BEADE-P. TECNOLOXICO	PLENO 31/03/2003	769.004,64€
MODIFICADO PECHE PERIMETRAL	X.G.L. 26/04/2004	1.165.083,74€
LIQUIDACION ABASTECIMIENTO BEADE-P. TECNOLOXICO	X.G.L. 02/08/2004	57.436,13€
DIRECCION OBRA CHISA	X.G.L. 05/05/2003	215.350,15€
HONORARIOS REDACCION E DIRECCION OBRA MODIFIC. PERIMETRAL	X.G.L. 02/08/2004	53.544,00€

b) RESPECTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLOS DISTINTOS ORGANOS MUNICIPAIS EN RELACION COA APROBACION TECNICA DAS ACTUACIONES QUE SE SOMETEN A RECOÑECEMENTO.-

A totalidade das inversións encomendadas á entidade concesionaria do servizo precedió o oportuno acordo sobre aprobación técnica dos proxectos ou, no seu caso, decisión da Administración Municipal en canto á admisión das Memorias' valoradas propostas.

Na tabla que se achega se relacionan os diferentes acordos relativos ós correspondientes proxectos.



CONCELLO DE VIGO

Dirección de Ingresos

TITULO PROYECTO	APROBACION TECNICA	IMPORTE
P. COMPLEMENTARIO SANEAMIENTO CABRAL	X.G.L. 09/06/2003	1.050.176,23€
BOMBEO MONTE CEPUDO	X.G.L. 26/07/2004	79.884,99€
ACOMETIDAS SANEAMENTO VALADARES	X.G.L. 30/08/2004	348.802,72€
AMPLIACION SANEAMENTO BEMBRIVE 2º FASE	X.G.L. 19/07/2004	1.175.069,90€
COLECTOR RESIDUAIS AV. CASTRELOS DENDE PAZO QUIÑONES DE LEON	X.G.L. 02/08/2004	131.076,09€
MELLORA COLECTOR (CORUXO)	X.G.L. 19/07/2004	169.563,97€
SUST.COLECTOR SANEAM. XUNTO M. BOUZAS	VER ACUERDO X.G.L. 02/08/2004Y ESCRITO AQUALIA DE 27/08/2004	39.205,00€
REPOS. REDE ABASTECIMIENTO R.COLOMBIA	VER ACUERDO X.G.L. 02/08/2004Y ESCRITO AQUALIA DE 27/08/2004	92.852,00€
MELLORAS NA EDAR DE TEIS		257.324,41€
CRUCES CANALIZACION REGO G.VIA E SAMIL	RECOÑEC. CREDITO	23.315,00€
HONOR. REDAC. PROX. PROL. EMISARIO ALCABRE/EMISARIO DO ALIVIAD. R. CORUÑA	ORDEN SERV. CONC. DEL 21/07/2004 INF. V.O. 20/07/2004	87.500,00€
ACOMETIDAS PROX. COMPLEM. SAN. BEADE	X.G.L. 30/08/2004	102.064,01€
ACTUACIONES EN COLECTORES VECIÑAIS	X.G.L. 24/10/2005	1.583.202,87€
EVACUACIONES PLUVIAIS "O VAO"	X.G.L. 02/05/2005	120.272,79€
CAMBIO TRAZADO COLECTOR GLI-4 CAÑOTAIS	MEM. X.G.L. 14/11/2005	20.813,51€
SUSTITUCION FC POR FUNDICION ARAGON INT.	MEM. X.G.L. 14/11/2005	6.412,54€
SUSTITUCION COLECTOR EN SAA-MONTE	X.G.L. 14/11/2005	156.479,30€
AMPLIACION SANEAMENTO ROTEAS-HERMIDA	MEM. X.G.L. 14/11/2005	77.421,00€
	MEM. X.G.L. 14/11/2005	28.781,54€
<b>SUSTITUCION COLECTOR Cº QUIRINGOSTA</b>		
CONEXIÓN VERTIDO EDAR ZOO A REDE XERAL	MEM. X.G.L. 14/11/2005	98.843,53€
LIQUIDO PECHE PERIMETRAL	INFORME V.O. 22/11/2005	183.026,61€
ACTUACIONES REDE SANEAMENTO COUTADAS	MEM. X.G.L. 14/11/2005	10.869,34€
HONORARIOS DIREC. E COORD. SEG. E SAUDE	EST. INF. V.O. 23/11/2005	98.071,69€
SUMINISTRACION AUGA O CONCELLO DE VIGO, CONEXIÓN CASAL VALLADARES E PECHE PERIMETRAL	PLENO 28/01/2002	7.049.844,65€
ABASTECIMIENTO BEADE-P. TECNOLOXICO	**	769.004,64€
MODIFICADO PECHE PERIMETRAL	X.G.L. 26/04/2004	1.165.083,74€
LIQUIDACION ABASTECIMIENTO BEADE-P. TECNOLOXICO		57.436,13€
DIRECCION OBRA CIISA		215.350,15€
HONORARIOS REDACCION E DIRECCION OBRA MODIFIC. PERIMETRAL		53.544,00€

As actuacións anteriormente referidas son recuperadas pola entidade concesionaria dende o 1 de xaneiro de 2005, data na que conclúe a amortización total do préstamo da empresa municipal no que se subrogou a entidade AQUALIA, detraendo para isto do canon dispoñible a contía suficiente que permita a cancelación total das ditas obrigas entre a data anteriormente citada e o remate do período concesional.

A inclusión da ampliación do plan de investimentos no modelo financeiro de recuperación efectúase considerando que a obra executada activase no momento da expedición da documentación acreditativa do pagamento ó proveedor (pagaré) e o resto en función do plan de obras previsto, computando un período medio de pagamento de 90 días.

Coas matizacións expostas a tarifa de recuperación do plan de investimentos para o ano 2007, sitúase no 0,3618 €/m³.



## CONCELLO DE VIGO

### Dirección de Ingresos

8º *Exclúense do modelo de recuperación de investimentos as cantidades que resultaron impagadas polos usuarios de carácter doméstico e industrial así como as contraídas polas Administracións Públicas, entre os exercizos 1991 e 2005 (ambos inclusive), por un importe total de 1.157.539,28€. Motívase o establecemento da dita provisión na eliminación de tensións que se porían de manifesto ó termo do período concesional, todo isto sen prexuízo de que se activen os cobramentos unha vez prosperen as xestións que se realizan en vía de constrinximento.*

A Xunta de Goberno Local, na sesión do 21 de novembro de 2011, adoptou o seguinte acordou:

*1º.- Declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas,(...), por un período de 5 anos, contados a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato (...).*

*2º.- En cumprimento do establecido no expositivo quinto do "Convenio entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia, a Sociedade Estatal Agua de la Cuenca del Norte, S.A. e o Concello de Vigo, para a execución do proxecto. Ampliación e modernización da EDAR do Lagares, a Entidade Aqualia-FCC Vigo UTE asume o compromiso económico recollido no parágrafo letra c) da cláusula III do mentado convenio e a súa materialización en concordancia co recollido no parágrafo terceiro desta proposta.(...)*

*3º.- Convenir coa Entidade concesionaria, Aqualia-FCC Vigo UTE, o exercicio da obriga asumido no seu escrito de aceptación de prórroga do contrato, respecto da provisión dos fondos necesarios para a financiación dun plan de investimentos nas accións que se indican en según as contías e prazos de execución que a continuación sinálanse: (...). O volumen total de investimento previsto e de 36,8 MM€ (6,6 MM€ Desviacións de tarifa exercicio 2010; 10,2 MM€ Adquisicións terreos EDAR Lagares; 20 MM€ Outros investimentos).*

*A recuperación dos fondos comprometidos pola Entidade Concesionaria (...) se autofinanciarán mediante a asignación do canon resultante a favor da Administración concedente, que se rexistre a partir do primeiro exercicio de prórroga (2016). (...)"*

Introducindo no modelo económico financeiro de recuperación do Plan de Investimentos da Concesión, as variables actualizadas dos acordos da XGL resumidos nos parágrafos precedentes (ampliación do prazo concesional do 01/01/16 ó 31/12/20, novos investimentos previstos,...), a cota de recuperación de investimentos para o ano 2014 sitúase en 0,3927 €/m<sup>3</sup>. Despois da liquidación do ano 2014 estímase que a cota pasaría a ser de **0,4249 €/m<sup>3</sup>**.

IV.- Recuperación Plan de Investimentos

**0,4249 €/m<sup>3</sup>**.



## CONCELLO DE VIGO

Dirección de Ingresos

Compre engadir

V- Recuperación das cotas de amortización dos proxectos de infraestruturas de saneamento cofinanciados pola Unión Europea a través dos fondos de cohesión: segundo o estudo de viabilidade remitido á Comisión Europea, para lograr a cobertura total dos custos de explotación e amortización de ditas instalacións considérase necesario a repercusión de **0,0004 €/m<sup>3</sup>** en cumprimento do acordo plenario de 29.05.2000, e coa finalidade de proceder á substitución destes activos unha vez concluída a súa vida útil (30 anos).

VI- Custes derivados do Xefe de Area de Inversións . Computase o custe do persoal:  
79.135,04 €/ano: 40.624.792 m<sup>3</sup>/ano = **0,0019 €/ m<sup>3</sup>**

VII- Custes indirectos derivados da Administración Xeral do Concello. Segundo cómputo de custes dos principais servizos de carácter medial do Concello, o importe estimado para o exercicio 2016 é de 21.932.589,61 €. Impútase a este servizo un 3%, concluíndose unha repercusión por m<sup>3</sup> de:

$$\frac{657.977,69 \text{ €}}{40.624.792 \text{ m}^3} = 0,0162 \text{ €/m}^3$$

### RESUMEN ESTIMACIÓN DE CUSTE POR M3 DE AUGA FACTURADA PARA O EJERCICIO 2016.

I	Custe unitario de estricta explotación:	0,6972 €/m <sup>3</sup>
II	Canon Municipal:	0,0300 €/m <sup>3</sup>
III	Financiamento explotación EDAR e colectores período 1.08.98/31.12.98:	0,0000 €/m <sup>3</sup>
IV	Recuperación Plan de Invetimentos:	0,4249 €/m <sup>3</sup>
V	Recuperación obras UE:	0,0004 €/m <sup>3</sup>
VI	Servicio de Control de Concesionaria:	0,0019 €/m <sup>3</sup>
VII	Custes indirectos 3% da Admón. Xeral do Concello:	0,0162 €/m <sup>3</sup>
<b>A)</b>	<b>Total estimación custe unitario para 2016</b>	<b>1,1706 €/m<sup>3</sup></b>

### B) Estimación da tarifa media para o exercicio 2016.

Segundo os datos extraídos dos Padróns fiscais da taxa correspondentes aos primeiros seis meses de 2015, a tarifa media obtida é de 0,9772 €/m<sup>3</sup>.

Segundo informe facilitado pola empresa concesionaria, a tarifa media adoita incrementarse por motivos de estacionalidade no segundo semestre, estimándose que a tarifa media no cómputo total do ano 2015 ascendería a **0,9778 €/m<sup>3</sup>**



CONCELLO DE VIGO

Dirección de Ingresos

**C) Comparación entre custe unitario previsto e tarifa media prevista:**

Estimación custe unitario 2016 = **1,1706 €/m<sup>3</sup>**  
Estimación tarifa media 2015 = **0,9778 €/m<sup>3</sup>**

Para una **cobertura total do custe** compre incrementar a tarifa media nun **19,71%**.

**D) DETERMINACIÓN DE TARIFAS PARA 2016:**

Segundo as instrucións recibidas do Concelleiro de Orzamentos e Facenda respecto das actualizacións de tódolos tributos do Concello para o exercicio 2016 incrementaranse as tarifas da Ordenanza Fiscal segundo a variación interanual do IPC dende os meses de abril 2012 e abril 2015 = 1,1 %.

Coa proposta que se formula a **tarifa media para o exercicio 2016 estimase en 0,9885 €/m<sup>3</sup>**

En consecuencia prevese a financiación do presente servizo para o ano 2016 nun 84,44%

En relación o **Cadro de prezos de execución material** para a redacción de orzamentos de conexións e prolongacións de abastecemento e saneamento con cargo ós abonados que consta como Anexo a esta Ordenanza Fiscal vixente dende 1 de xaneiro de 2015, o incremento proposto no presente expediente é do 1,1%, idéntico á variación do IPC entre abril-12 e abril-15.

Vigo, 19 de xullo de 2015  
A Adxunta á Dirección de Ingresos

Asdo: Mª Dolores Vieites Alén

CONFORME,  
A Directora de Ingresos

Asdo.: Mª Jesús Magdalena Vila



**ORDENANZA  
VIXENTE  
E  
MODIFICACIÓN  
PROPOSTA**



**ORDENANZA Nº 60**

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.2015**

**ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ó 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais), o Concello de Vigo establece a taxa por subministración de auga potable e servizos de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, á que se refire os apartados letras r) e t) do número 4 do artigo 20 do citado RDL 2/2004, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

**ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE**

Constitúe o feito imponible desta taxa a recepción dos servizos, que a continuación se detallan, prestados polo Concello de Vigo, en réxime de xestión indirecta, baixo a modalidade de concesión administrativa de servizo público.

- a) Subministración ou abastecemento de auga potable.
- b) Utilización das redes de sumidoiros e os servizos de saneamento e depuración de augas residuais.
- c) A realización ou execución de obras, a competencia das cales estea atribuída (con carácter exclusivo) á entidade concesionaria do servizo.
- d) En xeral, calquera outro servizo que sexa obxecto da presente Ordenanza e, sendo competencia da entidade local, teña carácter obrigatorio en virtude da disposición legal ou regulamentaria.

**ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS**

1.- E suxeito pasivo, en concepto de contribuínte, a persoa física ou xurídica e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria,

**ORDENANZA Nº 60**

**MODIFICACION DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.2016**



que utilicen ou se beneficien dos servizos prestados, que forman parte do feito imponible deste tributo.

2.- Serán responsables solidarios ou subsidiarios das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas, consideradas para estes efectos segundo o disposto na Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

#### **ARTIGO 4. BASE IMPOÑIBLE**

A base imponible do tributo determinarase en función dos consumos efectivamente realizados polo contribuínte, e obterase mediante diferenza da lectura dos aforos rexistrados –no respectivo contador de medida- durante dous períodos impositivos consecutivos.

#### **ARTIGO 5. TARIFAS**

##### **TARIFA I.- COTA DE ABOAMENTO**

Deberán facer efectivo este concepto tarifario todos os usuarios que, dispoñendo do correspondente contrato de subministración, utilicen as redes de subministración de auga potable e/ou os servizos de rede de sumidoiros e depuración de augas residuais.

A cota establecida no presente epígrafe terá carácter fixo, liquidándose en períodos bimestrais conxuntamente coa facturación dos consumos rexistrados.

- Cota de aboamento ó servizo 3,60 €/usuario/mes

##### **TARIFA II.- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE PARA USOS DOMÉSTICOS E NON DOMÉSTICOS**

Na percepción da taxa pola entidade concesionaria do servizo seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos e facturando ó usuario o resultante da suma de todos eles.

#### **ARTIGO 5. TARIFAS**

##### **TARIFA I.- COTA DE ABOAMENTO**

Deberán facer efectivo este concepto tarifario todos os usuarios que, dispoñendo do correspondente contrato de subministración, utilicen as redes de subministración de auga potable e/ou os servizos de rede de sumidoiros e depuración de augas residuais.

A cota establecida no presente epígrafe terá carácter fixo, liquidándose en períodos bimestrais conxuntamente coa facturación dos consumos rexistrados.

- Cota de aboamento ó servizo 3,64 €/usuario/mes

##### **TARIFA II.- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE PARA USOS DOMÉSTICOS E NON DOMÉSTICOS**

Na percepción da taxa pola entidade concesionaria do servizo seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos e facturando ó usuario o resultante da suma de todos eles.



A) Uso doméstico:	
De 0 a 30 m3	0,3647 €/m3
Exceso de 30 ata 50 m3	0,4804 €/m3
Idem de 50 ata 70 m3	0,4881 €/m3
Idem de 70 ata 100 m3	0,8329 €/m3
Idem de 100 ata 200 m3	0,8471 €/m3
Exceso de 200 m3	1,1079 €/m3

B) Uso non doméstico:	
De 0 a 30 m3	0,6921 €/m3
Exceso de 30 ata 50 m3	1,0137 €/m3
Idem de 50 ata 70 m3	1,0451 €/m3
Idem de 70 ata 200 m3	1,2685 €/m3
Idem de 200 ata 500 m3	1,3084 €/m3
Exceso de 500 m3	1,3755 €/m3

**TARIFA III.- PRESTACIÓN DO SERVICIO DE REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DAS AUGAS RESIDUAIS**

Na percepción da taxa pola entidade concesionaria do servizo seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos e facturando ó usuario o resultante da suma de todos eles.

A) Usos domésticos:	
De 0 a 30 m3	0,3966 €/m3
Exceso de 30 ata 50 m3	0,5146 €/m3
Idem de 50 ata 70 m3	0,5208 €/m3
Idem de 70 ata 100 m3	0,8038 €/m3
Idem de 100 ata 200 m3	0,8121 €/m3
Exceso de 200 m3	0,9210 €/m3

B) Uso non doméstico:	
De 0 a 30 m3	0,6186 €/m3
Exceso de 30 ata 50 m3	0,7807 €/m3
Idem de 50 ata 70 m3	0,7932 €/m3
Idem de 70 ata 200 m3	0,9763 €/m3
Idem de 200 ata 500 m3	1,0964 €/m3
Exceso de 500 m3	1,2630 €/m3

Para a confección da liquidación tributaria, en aplicación das tarifas establecidas nos epígrafes II e III precedentes, teranse en conta as seguintes normas:

**CONSUMO MÍNIMO.**

O consumo mínimo que se lles deberá facturar ós usuarios non poderá ser inferior a 15 m3/mes.

**FORMA DO CÁLCULO DO CONSUMO.**

A) Uso doméstico:	
De 0 a 30 m3	0,3688 €/m3
Exceso de 30 ata 50 m3	0,4857 €/m3
Idem de 50 ata 70 m3	0,4934 €/m3
Idem de 70 ata 100 m3	0,8420 €/m3
Idem de 100 ata 200 m3	0,8564 €/m3
Exceso de 200 m3	1,1200 €/m3

B) Uso non doméstico:	
De 0 a 30 m3	0,6997 €/m3
Exceso de 30 ata 50 m3	1,0248 €/m3
Idem de 50 ata 70 m3	1,0566 €/m3
Idem de 70 ata 200 m3	1,2824 €/m3
Idem de 200 ata 500 m3	1,3227 €/m3
Exceso de 500 m3	1,3906 €/m3

**TARIFA III.- PRESTACIÓN DO SERVICIO DE REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DAS AUGAS RESIDUAIS**

Na percepción da taxa pola entidade concesionaria do servizo seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos e facturando ó usuario o resultante da suma de todos eles.

A) Usos domésticos:	
De 0 a 30 m3	0,4009 €/m3
Exceso de 30 ata 50 m3	0,5203 €/m3
Idem de 50 ata 70 m3	0,5266 €/m3
Idem de 70 ata 100 m3	0,8127 €/m3
Idem de 100 ata 200 m3	0,8211 €/m3
Exceso de 200 m3	0,9311 €/m3

B) Uso non doméstico:	
De 0 a 30 m3	0,6254 €/m3
Exceso de 30 ata 50 m3	0,7892 €/m3
Idem de 50 ata 70 m3	0,8020 €/m3
Idem de 70 ata 200 m3	0,9870 €/m3
Idem de 200 ata 500 m3	1,1085 €/m3
Exceso de 500 m3	1,2769 €/m3

Para a confección da liquidación tributaria, en aplicación das tarifas establecidas nos epígrafes II e III precedentes, teranse en conta as seguintes normas:



Como norma xeral a determinación do consumo que realice cada usuario concretarase mediante diferenza entre a lectura do contador de medida de dous períodos consecutivos de facturación.

### **CONEXIÓN OBRIGATORIA ÁS REDES DE SUBMINISTRACIÓN E SANEAMENTO.-**

1. As vivendas, industrias e locais comerciais que se atopen situados a menos de 100m. Das redes de subministración de auga e saneamento deberán conectar obrigatoriamente a cada unha delas, previa a solicitude a entidade concesionaria do servizo. A dita obrigatoriedade subsistirá, limitándose a un servizo, no suposto de que sexa unha única rede (subministración ou saneamento) a que se atope dentro do límite máximo de 100m., ó que anteriormente se fixo referencia.

2. Exceptúanse da obrigatoriedade de conectar á rede de subministración de auga potable, segundo as condicións establecidas no parágrafo precedente, a todas as Comunidades de augas veciñais legalmente constituídas.

3. As vivendas, locais comerciais e industriais que dispoñan de subministración a través de Comunidades de augas veciñais e os titulares de actividades industriais, con sistema de captación debidamente autorizado, deberán instalar no prazo máximo de seis meses, contados a partir do seguinte á entrada en vigor da presente Ordenanza Fiscal, un contador de medida que permita a súa lectura e comprobación por parte da entidade concesionaria do servizo.

### **TARIFA IV.- EXECUCIÓN DE ORZAMENTOS DE ENGANCHE E PROLONGACIÓN DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO, CON CARGO ÓS USUARIOS**

1. Para a execución dos proxectos de enganche e prolongacións da rede existente, utilizarase o cadro de prezos unitarios, que se incorporará o texto da Ordenanza Fiscal como anexo número I.

2. Os cadros dos prezos unitarios, anteriormente citados, inclúen as operacións correspondentes á mantemento, reparación e, no seu caso, substitución das acometidas de subministración de



auga, que serán a cargo do concesionario do servizo.

3. Con respecto ás acometidas de saneamento ás obrigacións asumidas polo concesionario limitaranse a limpeza das mesmas.

4. O concesionario, naqueles casos en que a lonxitude da prolongación de rede afecte a varias fincas ademais de á do solicitante, repercutirá sobre os futuros usuarios, que se vexan beneficiados por dita ampliación, a parte proporcional do custo do proxecto. O concesionario distribuirá os ingresos obtidos entre os abonados que o fixesen efectivo anteriormente, que irán deste xeito resarcíndose das cantidades asumidas, a medida que se incorporen novos solicitantes de acometidas a este tramo.

5. A obrigación do concesionario fronte ó primeiro solicitante dunha prolongación, e, de forma derivada, fronte a todos os demais que poidan incorporarse posteriormente, prescribirá ós cinco anos de efectuarse o pago desa primeira acometida.

6. O concesionario terá plena liberdade, sen que resulte de aplicación o previsto nos anteriores parágrafos, para conectar a esta instalacións as acometidas xa existentes na zona ampliada.

**TARIFA V.- COTAS UNIFICADAS DE ENGANCHE ÁS REDES, NAS QUE SE DISPOÑA DE ACOMETIDA, BEN POR SER REALIZADA POLA ENTIDADE CONCESIONARIA (PLAN DE INVESTIMENTOS), POLA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL DIRECTAMENTE OU QUE A SÚA IMPLANTACIÓN SE DERIVE DUN PROXECTO FINANCIADO POLA COMUNIDADE AUTÓNOMA OU OUTROS ORGANISMOS DE CARÁCTER PÚBLICO**

1. Usos domésticos (unicamente vivendas unifamiliares):

- Abastecemento	450,7591 €
- Saneamento	1.051,7712 €

2. Usos industriais:

- Abastecemento	1.803,0363 €
-----------------	--------------



- Saneamento 3.005,0605 €

Con respecto á regulación das cotas unificadas, recollidas no presente epígrafe, estarase ó previsto no acordo adoptado polo Pleno da Corporación (sesión de data 13 de decembro de 1997), que se achega co expediente da Ordenanza Fiscal como anexo número II.

**TARIFA VI.- FORMALIZACIÓN DE ALTA E SOLICITUDE DE ORZAMENTO**

- Por cada formalización de alta (subministración /ou saneamento). 13,8533 €

- Por cada solicitude, toma de datos e confección de Orzamento de instalación de acometida ou red de ampliación. 3,0051 €

**TARIFA VII.- CONSUMOS ESPECIAIS**

Por cada columna para a toma de auga en bocas de rego, con destino exclusivo a obras de pavimento ou urbanización de rúas e vías públicas, ou para usos similares. 60,1012 €

**TARIFA VIII.- REPOSICIÓN DE SUBMINISTRACIÓNS**

- Levantamento e reposición do contador de medida. 18,0304 €

- Apertura/peche chave macho. 18,0304 €

- Levantamento e reposición acometidas. 105,1771 €

**TARIFA IX.- UTILIZACIÓN DE CONTADORES DE MEDIDA**

A) Cota de alugamento: A cota de alugamento será o termino fixo 0,002205 multiplicado polo cadrado do diámetro do contador expresado en milímetros; e dicir, 0,002205 (Ø<sup>2</sup>) €/contador/mes. (Para contadores de ata 13 mm. a cota de alugamento será de 0,3726 €/contador/mes)

B) Adquisición:

Contador de 13 mm. ....	39,2220 €
Contador de 15 mm. ....	43,3210 €
Contador de 20 mm. ....	52,7869 €
Contador de 25 mm. ....	90,8730 €
Contador de 30 mm. ....	127,0660 €

**TARIFA IX.- UTILIZACIÓN DE CONTADORES DE MEDIDA**

A) Cota de alugamento: A cota de alugamento será o termino fixo 0,002229 multiplicado polo cadrado do diámetro do contador expresado en milímetros; e dicir, 0,002229 (Ø<sup>2</sup>) €/contador/mes. (Para contadores de ata 13 mm. a cota de alugamento será de 0,3767 €/contador/mes)

B) Adquisición:

Contador de 13 mm. ....	39,6534 €
Contador de 15 mm. ....	43,7975 €
Contador de 20 mm. ....	53,3676 €
Contador de 25 mm. ....	91,8726 €
Contador de 30 mm. ....	128,4637 €



Contador de 40 mm. ....	196,7654 €
Contador de 50 mm. ....	436,5091 €
Contador de 65 mm. ....	540,3820 €
Caixa de Rexistro, unidade .....	12,8436 €

Contador de 40 mm. ....	198,9298 €
Contador de 50 mm. ....	441,3107 €
Contador de 65 mm. ....	546,3262 €
Caixa de Rexistro, unidade .....	12,9849 €

A totalidade das tarifas, previstas no presente artigo, non inclúen a cota tributaria, que resulte de aplicación á operación, en concepto do Imposto sobre o valor engadido (IVE).

A totalidade das tarifas, previstas no presente artigo, non inclúen a cota tributaria, que resulte de aplicación á operación, en concepto do Imposto sobre o valor engadido (IVE).

### ARTIGO 6. COTA TRIBUTARIA

A fixación ou determinación da cota tributaria deducirase a través da aplicación das seguintes regras:

a) Prestación de servizos incluídos nos epígrafes II e III do artigo 5. A cota tributaria será resultado de aplicar á base imponible a correspondente tarifa unitaria.

b) En todos os demais supostos, que dean orixe a exacción da taxa, a cota tributaria será coincidente coa tarifa prevista no citado artigo 5 da presente Ordenanza Fiscal.

### ARTIGO 7. DEVENGO

Devengase a taxa e, en consecuencia, nace a obriga de contribuír, como norma xeral, no momento de solicitar a prestación do servizo ou cando se utilice este, caso dos supostos previstos nos epígrafes I, II, III e IX.A) do artigo 5.

### ARTIGO 8. PERÍODO IMPOSITIVO

O período impositivo coincidirá co bimestre natural e a el referiranse as cotas tributarias dos servizos cunha prestación que orixine unha liquidación de carácter variable (consumo de abastecemento e saneamento).

### ARTIGO 9. NORMAS DE XESTIÓN

1. A xestión, liquidación e recadación da taxa realizarase conforme a Lei Xeral Tributaria e restante normativa tributaria de aplicación. Corresponderán á entidade concesionaria do servizo, UTE SERAGUA FCC as operacións materiais de dita xestión, de conformidade co previsto no Prego de condicións que rexe esta concesión.

2. Os padróns fiscais desta taxa serán obxecto de aprobación por resolución da Alcaldía e posterior





remisión a Xunta de Goberno Local para coñecemento.

3. A Xunta de Goberno Local tomará acordo previo á apertura de expedientes de cobranza por vía de constrinximento, no caso en que fose procedente

### **ARTIGO 10. EXENCIÓNS**

Non serán de aplicación con carácter xeral, á presente ordenanza fiscal as exencións e bonificacións previstas nos artigos 26 e seguintes do texto da ordenanza fiscal xeral do Concello de Vigo, salvo as relativas as tarifas II e III do artigo 5, segundo o establecido no parágrafo seguinte.

Declararanse especificamente exentos do pagamento da taxa os suxeitos pasivos, nos cales o consumo rexistrado non exceda de 15 m3 período de facturación), sempre que cumpran as condicións esixidas no texto complementario á ordenanza fiscal xeral (Anexo I). (\*)

(\*) Derogado por acordo plenario de 28 de decembro de 2006

### **ARTIGO 11. COBRO DA TAXA**

1. A entidade concesionaria do servizo procederá a efectuar a lectura de todos os contadores de medida dos usuarios do servizo no transcurso do período impositivo. Para tal efecto, e agás circunstancias excepcionais, a medición dos aforos dos beneficiarios do servizo realizarase de tal forma que permita a comparación de consumos dun período de 60 días.

2. O período voluntario de cobranza estenderase durante o prazo dos primeiros 15 días do bimestre natural seguinte á de lectura e comprobación de consumos.

### **ARTIGO 12. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

Para a cualificación de infraccións tributarias e as sanción que en cada caso procedan, estarase ó previsto na vixente Lei Xeral Tributaria.

Sen prexuízo do exposto no apartado precedente, a entidade concesionaria poderá exercitar as facultades outorgadas na cláusula 70 do Prego de condicións administrativas que rexeu o concurso así como as establecidas no artigo 66 do Regulamento do Servizo Municipal de Abastecemento de Augas e Saneamento (aprobado polo Pleno Corporativo en sesión de 27 de xaneiro de 1993), tras as



autorizacións administrativas oportunas.

### DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2012 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

### DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Conservarán a súa vixencia as normas reguladoras do contrato concesional, contidas no Prego de cláusulas económicos-administrativas, Regulamento do Servizo e conseguinte oferta do licitador que resultou adxudicatario.

### DISPOSICIÓN ADICIONAL

As transferencias correntes que calquera administración pública efectúe a favor do Concello de Vigo co fin de contribuír, total ou parcialmente, ós gastos de mantemento e explotación da EDAR do río Lagares e ás súas instalacións terá inmediato reflexo na taxa por prestación do servizo. O referido efecto materializarase mediante minoración proporcional dos tipos previstos na tarifa III do artigo 5 da ordenanza fiscal reguladora, e producirá os seus efectos durante o prazo ó que se estenda a citada axuda financeira.

### ANEXO I

**CADRO DE PREZOS DE EXECUCION MATERIAL PARA A REDACCIÓN DE ORZAMENTOS DE CONEXIÓNS E PROLONGACIÓNS DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO CON CARGO ÓS ABONADOS.**

#### - CONEXIÓNS ABASTECIMENTO

1.1.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 20 ou 25 mm. de diámetro, totalmente instalada, incluíndo escavación e recheo así como levantamento e reposición de pavimentación. 591,49 €

1.2.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 30 mm. de diámetro, sen boca de incendios/rego e excluído levantamento e reposición de pavimentación.

### DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2016 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

### ANEXO I

**CADRO DE PREZOS DE EXECUCION MATERIAL PARA A REDACCIÓN DE ORZAMENTOS DE CONEXIÓNS E PROLONGACIÓNS DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO CON CARGO ÓS ABONADOS.**

#### - CONEXIÓNS ABASTECIMENTO

1.1.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 20 ou 25 mm. de diámetro, totalmente instalada, incluíndo escavación e recheo así como levantamento e reposición de pavimentación. 597,99 €

1.2.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 30 mm. de diámetro, sen boca de incendios/rego e excluído levantamento e reposición de pavimentación.



962,36 €

972,94 €

1.3.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 40 mm. de diámetro, sen boca de incendios/regos e excluído levantamento e reposición de pavimentación.

1.005,99 €

1.3.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 40 mm. de diámetro, sen boca de incendios/regos e excluído levantamento e reposición de pavimentación.

1017,06 €

1.4.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 50 mm. de diámetro, sen boca de incendios/regos e excluído levantamento e reposición de pavimentación.

1.044,55 €

1.4.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 50 mm. de diámetro, sen boca de incendios/regos e excluído levantamento e reposición de pavimentación.

1056,04 €

1.712,88 € máis IVE

(A redución establecida equivale ó 43% da tarifa xeral)

b) Conexións á Rede de saneamento que dean servizo a máis dun usuario.- No suposto de que o enganche de saneamento dea servizo a varias vivendas ou industrias, a cota unificada por usuario calcularase conforme ás seguintes fórmulas:



b.1) Vivendas.

$$\frac{1.051,77 + (n-1) \times 300,51}{n}$$

Sendo "n" o número total de vivendas asociadas a unha conexión.

Terán o carácter de vivendas asociadas as que se encontren situadas dentro dun mesmo inmovible, ou ben aquel conxunto de propiedades que realizaran extensións da rede a través de terreos privados pola súa propia conta, facéndose cargo do seu posterior mantemento e conservación.

b.2) Industrias.

- Cando as industrias asociadas declaren un cadro de persoal laboral superior a 25 traballadores/as:

$$C = \frac{3005,06 + 901,52 (n-1)}{n}$$

- No suposto que as industrias asociadas teñan menos de 25 traballadores/as:

$$C = \frac{1803,04 + 601,01 (n-1)}{n}$$

Sendo "n" o número total de industrias asociadas a unha conexión.

Terán o carácter de industrias asociadas as que se encontren situadas dentro dun mesmo inmovible, ou ben aquel conxunto de propiedades que realizaran extensións da rede a través de terreos privados pola súa propia conta, facéndose cargo do seu posterior mantemento e conservación.

Se as industrias asociadas teñen distinta dimensión, isto é no caso de coexistencia de empresas de máis de 25 traballadores/as con outras cun cadro de persoal inferior, aplicarase a fórmula que resulte máis representativa do conxunto.

Á cota unificada asignada a cada usuario seralle repercutido o imposto sobre o valor engadido.

Para acollese a esta modalidade de cota de engancho os contribuíntes deberán indicar na solicitude correspondente que a conexión da súa vivenda ou industria dá servizo a máis dun usuario. Pola súa parte, a entidade concesionaria emitirá



informe sobre o número total de usuarios que utilizan a mesma conexión e, en consecuencia, deducira a cota que lle corresponde a cada vivenda ou industria, segundo as fórmulas anteriormente establecida.

Neste suposto terase en conta a previsión contida na ordenanza fiscal reguladora, con respecto á obrigatoriedade de conectar á rede de saneamento todas aquelas vivendas, industrias e locais comerciais que se atopen a menos de 100 metros da mesma.

c) Por aplicación do apartado VI do acordo plenario do 13 de decembro de 1997.- Aplicarase un coeficiente corrector para aqueles casos nos que se acredite documentalmente, que os ingresos da unidade familiar sexan inferiores "en cómputo anual" a 1,5 veces ó salario mínimo interprofesional, e que o valor catastral das súas propiedades sexa inferior a 60.101,21 €.

O índice corrector nestes casos será o seguinte:

c.1) 33,33% para o abastecemento, polo que o enganche terá un custo de:

300,51 €

c.2) 42,86% para o saneamento, polo que o enganche será de:

601,01 €

En canto ós correctores a aplicar nos enganches industriais son os seguintes:

Número Traballad.	Coeficiente Redutor	Coeficiente Abastecemento	Coeficiente Redutor	Coeficiente Saneamento
0-5	75%	450,76 €	65%	1.051,77 €
6-25	50%	921,52 €	40%	1.803,04 €
+ de 25		1.803,04 €		3.005,06 €

As reducións fiscais previstas nos apartados letras a), b) e c) precedentes non terán carácter acumulativo, debendo elixir o contribuínte entre aquelas a que máis lle beneficie.

3º. FRACCIONAMENTO DO PAGAMENTO DAS COTAS DE ENGANCHE.- Poderá fraccionarse o pagamento da cota de enganche durante un período máximo dun ano, contado a partir da data de solicitude, mediante o aboamento de 6 cotas bimestrais iguais e consecutivas.

Con carácter excepcional poderán efectuar o



pagamento da cota de enganche nun período de 24 meses (12 cotas bimestrais iguais e consecutivas) aqueles usuarios con ingresos da unidade familiar inferior en cómputo anual ó salario mínimo interprofesional, que acreditarán mediante a presentación da correspondente declaración xurada.

As cotas fraccionadas non experimentarán recargo ningún en concepto de xuros de mora.

Para acceder a esta modalidade de pagamento os usuarios deberán cumprir, inescusablemente, os seguintes requisitos:

- a) Presentar a solicitude na entidade concesionaria do servizo, segundo modelo normalizado.
- b) O prazo para a presentación de solicitudes concluirá transcorridos 90 días desde a data en que foi notificada a dispoñibilidade do servizo.

#### 4º. UNIFICACIÓN DE COTAS DE ENGANCHE DE VIVENDAS E INDUSTRIAS QUE NON DISPOÑAN DE ACOMETIDA DE SANEAMENTO INSTALADA.

As vivendas e industrias que estean situadas a unha distancia igual ou inferior a 100 metros dunha rede PIC ingresarán en concepto de cota de enganche a establecida con carácter xeral no acordo plenario regulador do 13 de decembro de 1997.

Malia o anterior, se como consecuencia da elaboración do orzamento o importe de execución fose inferior á cota tributaria establecida con carácter xeral, a diferenza ingresarase no saldo de cotas de enganche. Se pola contra o importe da execución da obra de conexión fose superior á cota prevista na ordenanza fiscal, a acometida executarase trala autorización da Concellería Delegada de Vías e Obras con cargo ós fondos dispoñibles por este concepto.

#### 5º. OBRIGACIÓNS DA ENTIDADE CONCESIONARIA.

A entidade concesionaria do servizo, UTE SERAGUA FCC, deberá levar a efecto as seguintes actuacións:

- a) Poñer en coñecemento da administración municipal os datos identificativos dos usuarios de



vivendas e industrias que dispoñan de acometida instalada a unha rede PIC e estean situados a unha distancia igual ou superior a 100 metros do correspondente colector. A dita obrigaón farase extensible aqueles propietarios de inmobles ou fincas que aínda que non dispoñan de acometida instalada estean situadas no radio de 100 metros da rede.

b) Notificar ó usuario a disposición do servizo de saneamento.

c) En consonancia co establecido nos apartados anteriores, a entidade concesionaria propoñerá á Comisión Municipal de Goberno a respectiva aprobación de liquidación tributaria, que deberá posteriormente notificar ó suxeito pasivo da taxa, en cumprimento do establecido na vixente Lei Xeral Tributaria.

d) En calquera caso unha vez transcorrido o prazo de 90 días, contados a partir do seguinte ó de notificación de disposición do servizo, a entidade concesionaria procederá a dar de alta na facturación de saneamento ó correspondente usuario, aínda que estivera pendente de ingreso a liquidación tributaria en concepto de cota de enganche.

NOVENA.- A validez e eficacia do presente convenio supeditase a súa aprobación pola Comisión de Goberno e a súa posterior aceptación pola entidade concesionaria do servizo.

#### **PUBLICACIÓNS BOP:**

27 DE DECEMBRO DE 2000  
26 DE DECEMBRO DE 2001  
26 DE DECEMBRO DE 2002  
30 DE DECEMBRO DE 2003  
29 DE NOVEMBRO DE 2004  
7 DE DECEMBRO DE 2005  
30 DE DECEMBRO DE 2006  
10 DE DECEMBRO DE 2007  
10 DE DECEMBRO DE 2008  
11 DE DECEMBRO DE 2009  
14 DE DECEMBRO DE 2010  
22 DE NOVEMBRO DE 2011

**INFORME**

**PROPOSTA**





**CONCELLO DE VIGO  
DIRECCION DE INGRESOS**

**INFORME-PROPOSTA:**

Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de "Modificación da Ordenanza fiscal reguladora das Taxas pola prestación de Servizos de Subministración de Auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais" que figura no presente expediente

A aportación fiscal desta taxa vense reducindo dende o exercicio 2012 porque a variación positiva dos índices de prezos habida dende 30 de abril de 2011 non foi trasladada ás tarifas da ordenanza fiscal, o que significa á data de 30 de abril de 2015, unha redución, en termos reais, respecto das vixentes no exercicio 2012, dun 3,2% .

A actualización que se presenta a aprobación implica só a recuperación do efecto da depreciación monetaria experimentada entre 30 de abril 2012 e 30 de abril 2015 (resta por recuperar o efecto da variación de índices de prezos entre abril 2011 e abril 2012: 2,1%).

A presente modificación consiste en actualizar as tarifas vixentes conforme a variación experimentada polo IPC dende 30 de abril de 2012 ata 30 de abril de 2015.

Dende o punto de vista legal, o límite que establece o artigo 24.2 do TRLRFL: "O importe das taxas pola prestación dun servizo ou pola realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto do xuste real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate"; está moi lonxe de ser alcanzado nesta taxa, segundo se desprende do estudo económico que consta neste expediente.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL sometendo a ditame do TEA do Concello o "Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal".

Sendo o presente documento unha "Proposta de Modificación de Ordenanza Fiscal", adquiriría a condición de "Proxecto", tra-lo acordo aprobatorio da Xunta de Goberno Local.

Esta Dirección de Ingresos solicita, coa conformidade do Sr. Concelleiro Delegado de Economía e Facenda, da Xunta de Goberno Local, a aprobación da proposta que contén este expediente. De resultar aprobada, remitirase ao TEA do Concello para ditame do "Proxecto de Modificación". Unha vez ditaminado, o Ilmo. Sr. Alcalde resolverá a súa remisión ao Pleno da Corporación para cumprimento dos artigos 15 a 19 do TRLRFL.



**CONCELLO DE VIGO**  
**DIRECCION DE INGRESOS**

Para o caso de que o Proxecto aprobado en Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEA, fose emendado, sexa pola oposición o polo propio goberno, as emendas deberan ser incorporadas ao "Proxecto" que se someterá novamente á Xunta de Goberno Local e ditame do TEA.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

**ACORDO**

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACION DOS SEGUENTES ARTICULOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS” (60) QUE QUEDAN REDACTADOS COMO SEGUE:

**ARTIGO 5. TARIFAS**

*Modifícanse as seguintes tarifas que, quedan redactadas como segue:*

**TARIFA I.- COTA DE ABOAMENTO**

Deberán facer efectivo este concepto tarifario todos os usuarios que, dispoñendo do correspondente contrato de subministración, utilicen as redes de subministración de auga potable e/ou os servizos de rede de sumidoiros e depuración de augas residuais.

A cota establecida no presente epígrafe terá carácter fixo, liquidándose en períodos bimestrais conxuntamente coa facturación dos consumos rexistrados.

- Cota de aboamento ó servizo            3,64 €/usuario/mes

**TARIFA II.- PRESTACIÓN DO SERVICIO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE PARA USOS DOMÉSTICOS E NON DOMÉSTICOS**

Na percepción da taxa pola entidade concesionaria do servizo seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos e facturando ó usuario o resultante da suma de todos eles.

A) Uso doméstico:

De 0 a 30 m3	0,3688 €/m3
Exceso de 30 ata 50 m3	0,4857 €/m3
Idem de 50 ata 70 m3	0,4934 €/m3
Idem de 70 ata 100 m3	0,8420 €/m3
Idem de 100 ata 200 m3	0,8564 €/m3
Exceso de 200 m3	1,1200 €/m3



**CONCELLO DE VIGO**  
**DIRECCION DE INGRESOS**

**B) Uso non doméstico:**

De 0 a 30 m <sup>3</sup>	0,6997 €/m <sup>3</sup>
Exceso de 30 ata 50 m <sup>3</sup>	1,0248 €/m <sup>3</sup>
Idem de 50 ata 70 m <sup>3</sup>	1,0566 €/m <sup>3</sup>
Idem de 70 ata 200 m <sup>3</sup>	1,2824 €/m <sup>3</sup>
Idem de 200 ata 500 m <sup>3</sup>	1,3227 €/m <sup>3</sup>
Exceso de 500 m <sup>3</sup>	1,3906 €/m <sup>3</sup>

**TARIFA III.- PRESTACIÓN DO SERVICIO DE REDE DE SUMIDOIROS,  
SANEAMENTO E DEPURACIÓN DAS AUGAS RESIDUAIS**

Na percepción da taxa pola entidade concesionaria do servizo seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos e facturando ó usuario o resultante da suma de todos eles.

**A) Usos domésticos:**

De 0 a 30 m <sup>3</sup>	0,4009 €/m <sup>3</sup>
Exceso de 30 ata 50 m <sup>3</sup>	0,5203 €/m <sup>3</sup>
Idem de 50 ata 70 m <sup>3</sup>	0,5266 €/m <sup>3</sup>
Idem de 70 ata 100 m <sup>3</sup>	0,8127 €/m <sup>3</sup>
Idem de 100 ata 200 m <sup>3</sup>	0,8211 €/m <sup>3</sup>
Exceso de 200 m <sup>3</sup>	0,9311 €/m <sup>3</sup>

**B) Uso non doméstico:**

De 0 a 30 m <sup>3</sup>	0,6254 €/m <sup>3</sup>
Exceso de 30 ata 50 m <sup>3</sup>	0,7892 €/m <sup>3</sup>
Idem de 50 ata 70 m <sup>3</sup>	0,8020 €/m <sup>3</sup>
Idem de 70 ata 200 m <sup>3</sup>	0,9870 €/m <sup>3</sup>
Idem de 200 ata 500 m <sup>3</sup>	1,1085 €/m <sup>3</sup>
Exceso de 500 m <sup>3</sup>	1,2769 €/m <sup>3</sup>

Para a confección da liquidación tributaria, en aplicación das tarifas establecidas nos epígrafes II e III precedentes, teranse en conta as seguintes normas:

**TARIFA IX.- UTILIZACIÓN DE CONTADORES DE MEDIDA**

**A) Cota de alugamento:** A cota de alugamento será o termino fixo 0.002229 multiplicado polo cadrado do diámetro do contador expresado en milímetros; e dicir, 0,002229. (Ø<sup>2</sup>) €/contador/mes. (Para contadores de ata 13 mm. a cota de alugamento será de 0,3767 €/contador/mes)

**B) Adquisición:**

Contador de 13 mm. ....	39,6534 €
Contador de 15 mm. ....	43,7975 €
Contador de 20 mm. ....	53,3676 €
Contador de 25 mm. ....	91,8726 €
Contador de 30 mm. ....	128,4637 €
Contador de 40 mm. ....	198,9298 €
Contador de 50 mm. ....	441,3107 €



**CONCELLO DE VIGO**  
**DIRECCION DE INGRESOS**

Contador de 65 mm. ....	546,3262 €
Caixa de Rexistro, unidade .....	12,9849 €

A totalidade das tarifas, previstas no presente artigo, non inclúen a cota tributaria, que resulte de aplicación á operación, en concepto do Imposto sobre o valor engadido (IVE).

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2016 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

**ANEXO I**

*Modifícase o anexo I que, queda redactado como segue:*

**CADRO DE PREZOS DE EXECUCION MATERIAL PARA A REDACCIÓN DE ORZAMENTOS DE CONEXIÓNS E PROLONGACIÓNS DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO CON CARGO ÓS ABONADOS.**

**- CONEXIÓNS ABASTECIMENTO**

- 1.1.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 20 ou 25 mm. de diámetro, totalmente instalada, incluíndo escavación e recheo así como levantamento e reposición de pavimentación. 597,99 €
- 1.2.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 30 mm. de diámetro, sen boca de incendios/regó e excluído levantamento e reposición de pavimentación. 972,94
- 1.3.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 40 mm. de diámetro, sen boca de incendios/regó e excluído levantamento e reposición de pavimentación. 1.017,06 €
- 1.4.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 50 mm. de diámetro, sen boca de incendios/regó e excluído levantamento e reposición de pavimentación. 1.056,04 €
- 1.5.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 63 mm. de diámetro, sen boca de incendios/regó e excluído levantamento e reposición de pavimentación. 1.093,47 €
- 1.6.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 75 mm. de diámetro, sen boca de incendios/regó e excluído levantamento e reposición de pavimentación. 1.128,86 €



**CONCELLO DE VIGO**  
**DIRECCION DE INGRESOS**

- 1.7.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 90 mm. de diámetro, sen boca de incendios/rego e excluído levantamento e reposición de pavimentación. 1.359,15 €
- 1.8.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 40 mm. de diámetro para boca de incendios/rego, excluído levantamento e reposición de pavimentación. 1.017,06 €
- 1.9.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 50 mm. de diámetro, para boca de incendios/rego e excluído levantamento e reposición de pavimentación. 1.056,04 €
- 1.10.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 63 mm. de diámetro, para boca de incendios/rego e excluído levantamento e reposición de pavimentación. 1.093,47 €
- 1.11. Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 75 mm. de diámetro para hidrante de incendios, excluído levantamento e reposición de pavimentación. 1.128,86 €
- 1.12.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 90 mm. de diámetro, para boca de incendios/rego e excluído levantamento e reposición de pavimentación. 1.359,15 €
- 1.13. Conexión a rede existente en ampliacións de Abastecemento con tubería de FD-100 mm, incluída mano de obra, empalmes e pezas especiais si fose necesario, excluída válvula de corte. 410,24 €
- 1.14. Conexión a rede existente en ampliacións de Abastecemento con tubería de FD-150 mm, incluída mano de obra, empalmes e pezas especiais si fose necesario, excluída válvula de corte. 507,41 €
- 1.15. Conexión a rede existente en ampliacións de Abastecemento con tubería de FD-200 mm, incluída mano de obra, empalmes e T de derivación, excluída válvula de corte. 660,55 €
- 1.16. MI. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 20 mm. de diámetro para conexións de lonxitude maior de 6 mts. Totalmente instalado incluso escavación e recheo, sen incluír levantamento e reposición de pavimentación. 19,02 €
- 1.17. MI. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 25 mm. de diámetro para conexións de lonxitude maior de 6 mts. Totalmente instalado incluso escavación e recheo, sen incluír levantamento e reposición de pavimentación. 20,00 €
- 1.18. MI. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 30 mm. de diámetro para conexións de lonxitude maior de 6 mts. Totalmente instalado incluso escavación e recheo, sen incluír levantamento e reposición de pavimentación. 21,41 €



**CONCELLO DE VIGO**  
**DIRECCION DE INGRESOS**

1.19. MI. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 40 mm. de diámetro para conexións de lonxitude maior de 6 mts. Totalmente instalado incluso escavación e recheo, sen incluír levantamento e reposición de pavimentación. 23,54 €

**2.- CONEXIÓNS DE SANEAMENTO**

2.1. Conexión de saneamento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts. realizada con tubo de PVC de 20 cm. de diámetro, incluída a reposición de pavimentación ata 10,8 m2 e pozo se fora necesario. 916,92 €

2.2. Conexión de saneamento de lonxitude entre 6 e 9 mts. realizada con tubo de PVC de 20 cm. de diámetro, incluída a reposición de pavimentación ata 16,2 m2 e pozo se fora necesario. 1.146,16 €

2.3. Conexión de saneamento de lonxitude entre 9 e 12 mts. realizada con tubo de PVC de 20 cm. de diámetro, incluída a reposición de pavimentación ata 21,6 m2 e pozo se fora necesario. 1.604,65 €

2.4. Conexión de saneamento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts. realizada con tubo de PVC de 25 cm. de diámetro, excluído levantamento e reposición de pavimentación e pozo. 719,08 €

2.5. Conexión de saneamento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts. realizada con tubo de PVC de 31,5 cm. de diámetro, excluído levantamento e reposición de pavimentación e pozo. 901,37 €

2.6. Conexión de saneamento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts. realizada con tubo de PVC de 40 cm. de diámetro, excluído levantamento e reposición de pavimentación e pozo. 1.112,37 €

2.7. Conexión de saneamento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts. realizada con tubo de PVC de 50 cm. de diámetro, excluído levantamento e reposición de pavimentación e pozo. 1.386,40 €

2.8. Conexión a rede existente en ampliacións de saneamento, para tuberías de diámetro inferior a 80 cm., incluídos materiais e mano de obra. 408,98 €

2.9. MI. De subministración e colocación de tubo de PVC de 20 cm. de diámetro, totalmente instalado incluso escavación e recheo, para conexións de lonxitude maior de 12 mts, excluíndo levantamento e reposición de pavimentación. 70,67 €

2.10. MI. De subministración e colocación de tubo de PVC de 25 cm. De diámetro, totalmente instalada incluso escavación e recheo, para conexións de lonxitude maior de 6 mts, excluíndo levantamento e reposición de pavimentación. 86,05 €

2.11. MI. De subministración e colocación de tubo de PVC de 31,5 cm. De diámetro, totalmente instalado incluso escavación e recheo, para conexións de lonxitude maior de 6 mts, excluíndo levantamento e reposición de pavimentación. 114,72 €



**CONCELLO DE VIGO**  
**DIRECCION DE INGRESOS**

2.12. MI. De subministración e colocación de tubo de PVC de 40 cm. de diámetro, totalmente instalada incluso escavación e recheo, para conexións de lonxitude maior de 6 mts, excluindo levantamento e reposición de pavimentación. 147,89 €

2.13. MI. De subministración e colocación de tubo de PVC de 50 cm. de diámetro, totalmente instalado incluso escavación e recheo, para conexións de lonxitude maior de 6 mts, excluindo levantamento e reposición de pavimentación. 190,98 €

**3.- ESCAVACIÓNS E RECHEOS.**

3.1. M3. De escavación en gabia, con medios mecánicos en terreo de tránsito, incluso esteamento e esgotamento, recheo da gabia con terras compactadas ó 95% do Próctor Normal, procedentes da escavación ou de préstamos e en ambos casos con áridos seleccionados ((20 mm. ata 30 cm. Sobre a clave do tubo e o resto exenta de pedras maiores de 8 cm., por tongadas de 15 cm. de grosor medidos sobre perfil, unha vez instalada a canalización e transporte de produtos sobrantes ó vertedoiro. 28,22 €

3.2. M3. De escavación en gabia, con medios mecánicos en roca, incluso esteamento e esgotamento, recheo da gabia con terras compactadas al 95% do Próctor Normal, procedentes da escavación ou de préstamos e en ambos casos con áridos seleccionados 20 mm. ata 30 cm. Sobre a clave do tubo e o resto exenta de pedras maiores de 8 cm., por tongadas de 15 cm. de grosor medidos sobre perfil, unha vez instalada a canalización e transporte de produtos sobrantes ó vertedoiro. 65,93 €

**4. LEVANTAMENTO E REPOSICION DE PAVIMENTACIÓNS.**

4.1. M2. De levantamento e reposición de macadam con dous regos asfálticos de 7 Kg. De ligante ECR-2 con 0,300 m3. De áridos, completamente rematada. 18,55 €

4.2. M2. De levantamento e reposición de pavimentación, composto de capa de aglomerado asfáltico en quente tipo D-12 con capa de oito (8) cm. de grosor, estendida e compactada, incluso rego de adherencia e varrido de calzada, asentado sobre base de formigón Fck de 150 Kp/cm2. De resistencia característica de vinte (20) cm. de grosor, completamente rematado. 61,82 €

4.3. M2. De levantamento e reposición de pavimentación, composto de capa de aglomerado asfáltico en quente tipo D-12 con capa de oito (8) cm. de grosor, estendida e compactada, incluso rego de adherencia e varrido de calzada, asentado sobre base de formigón Fck de 150 Kp/cm2. De resistencia característica de trinta (30) cm. de grosor, completamente rematado. 77,68 €

4.4. M2. De levantamento e reposición de pavimentación de formigón de 150 Kp/cm2. De resistencia característica de 20 cm. de grosor, completamente rematado. 36,38 €



**CONCELLO DE VIGO**  
**DIRECCION DE INGRESOS**

4.5. M2. De levantamento e reposición de baldosa de terrazo en cores, na beirarrúa, asentada sobre base de formigón de fck 150 Kp/cm2. De resistencia característica de 10 cm. de grosor, completamente rematado. 58,50 €

4.6. M2. De levantamento e reposición de baldosas de cemento, modelo oficial, asentada sobre base de formigón de fck 150 Kp/cm2. De resistencia característica de 10 cm. de grosor, completamente rematado. 43,31 €

4.7. M2. De levantamento e reposición de taco de pedra de gran sobre area aproveitando o taco, levantado e repoñendo o necesario, completamente rematado. 20,14 €

4.8. M2. De levantamento e reposición de taco de pedra de gran sobre base de formigón de fck 150 Kp/cm2. De resistencia característica de 20 cm. de grosor aproveitando o taco, levantado e repoñendo o necesario, completamente rematado. 57,04 €

4.9. M2. De levantamento e reposición de baldosa de perpiaño asentada sobre base de formigón de fck 150 Kp/cm2. De resistencia característica y 20 cm. de grosor, completamente rematado. 145,16 €

4.10. M2. De levantamento e reposición de chapacuña con dous regos asfálticos de 7Kg. De ligante ECR-2, con 0,300 m3. De áridos, completamente rematado. 18,57 €

**5.- INSTALACIÓN DE TUBO DE ABASTECIMENTO.**

5.1. MI. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 60 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 16,75 €

5.2. MI. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 80 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 21,82 €

5.3. MI. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 100 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 25,65 €

5.4. MI. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 125 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 33,40 €

5.5. MI. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 150 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 36,32 €





**CONCELLO DE VIGO**  
**DIRECCION DE INGRESOS**

- 5.6. MI. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 175 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 40,58 €
- 5.7. MI. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 200 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 54,03 €
- 5.8. MI. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 250 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 69,62 €
- 5.9. MI. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 300 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 86,34 €
- 5.10. MI. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 350 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 106,91 €
- 5.11. MI. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 400 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 132,95 €
- 5.12. MI. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 450 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 154,78 €
- 5.13. MI. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 500 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 176,13 €
- 5.14. MI. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 1 ¼", incluso p.p. de pezas, excepto conexións, medida a cinta corrida e probada. 9,56 €
- 5.15. MI. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 1 ½", incluso p.p. de pezas, excepto conexións, medida a cinta corrida e probada. 10,60 €
- 5.16. MI. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 2", incluso p.p. de pezas, excepto conexións, medida a cinta corrida e probada. 13,55 €

**6.- VÁLVULAS PARA REDE DE ABASTECIMIENTO.**

- 6.1. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 60 mm. 241,90 €
- 6.2. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 80 mm. 270,59 €



**CONCELLO DE VIGO**  
**DIRECCION DE INGRESOS**

6.3. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 100 mm.	300,13 €
6.4. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 125 mm.	430,29 €
6.5. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 150 mm.	456,40 €
6.6. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 175 mm.	720,12 €
6.7. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 200 mm.	755,55 €
6.8. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 250 mm.	1.246,99 €
6.9. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 300 mm.	1.506,71 €
6.10. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 350 mm.	2.013,23 €
6.11. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 400 mm.	2.563,75 €
6.12. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 450 mm.	5.426,37 €
6.13. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 500 mm.	5.830,70 €

**7. INSTALACIÓN DE TUBO DE SANEAMIENTO.**

7.1. Ml de subministro e colocación de tubo de PVC de 250 mm, de diámetro exterior, clase 41 serie 5 con xunta de enchufe e elastómero de unión con sección en z, incluso parte proporcional de unión, totalmente instalado.	42,01 €
7.2. Ml de subministro e colocación de tubo de PVC de 315 mm, de diámetro exterior, clase 41 serie 5 con xunta de enchufe e elastómero de unión con sección en z, incluso parte proporcional de unión, totalmente instalado.	70,39 €
7.3. Ml de subministro y colocación de tubo de PVC de 400 mm, de diámetro exterior, clase 41 serie 5 con xunta de enchufe e elastómero de unión con sección en z, incluso parte proporcional de unión, totalmente instalado.	95,23 €



**CONCELLO DE VIGO**  
**DIRECCION DE INGRESOS**

7.4. MI de subministro e colocación de tubo de PVC de 500 mm, de diámetro exterior, clase 41 serie 5 con xunta de enchufe e elastómero de unión con sección en z, incluso parte proporcional de unións, totalmente instalado. 139,76 €

7.5. MI de subministro e colocación de tubo de PVC de 600 mm, de diámetro exterior, clase 41 serie 5 con xunta de enchufe e elastómero de unión con sección en z, incluso parte proporcional de unións, totalmente instalado. 157,05 €

7.6. MI de subministro e colocación de tubo de PVC de 800 mm, de diámetro exterior, clase 41 serie 5 con xunta de enchufe e elastómero de unión con sección en z, incluso parte proporcional de unións, totalmente instalado. 253,96 €

**8.- REXISTROS**

8.1. Unidade de pozo de rexistro de 1,50 x 1,50 ata 2,50 m. De profundidade, formado por soleira de formigón en masa de 125 Kg/cm<sup>2</sup>. De resistencia característica, de 20 cm. de grosor, paramentos de formigón en masa de 150 Kg/cm<sup>2</sup>. De resistencia característica, tapa e arillo de fundición dúctil reforzado, non ventilada da calzada, escavación, recheo e transporte de terras sobrantes ó vertedoiro, construído segundo NTE/IFA, medida a unidade rematada, con calzos de formigón nas pezas correspondentes a dito rexistro. 993,74 €

8.2. Unidade de pozo de rexistro de 1,50 x 2,00 ata 2,50 m. De profundidade, formado por soleira de formigón en masa de 125 Kg/cm<sup>2</sup>. De resistencia característica, de 20 cm. de grosor, paramentos de formigón en masa de 150 Kg/cm<sup>2</sup>. De resistencia característica, tapa e arillo de fundición dúctil reforzado, non ventilada da calzada, escavación, recheo e transporte de terras sobrantes ó vertedoiro, construído segundo NTE/IFA, medida a unidade rematada, con calzos de formigón nas pezas correspondentes a dito rexistro. 1.031,95 €

8.3. Ud. De pozo de rexistro, sen areeiro, de 1,00 m. De diámetro, formado por soleira de formigón de 200 Kp/cm<sup>2</sup>. De R.C., y de 20 cm. de grosor, arillos de formigón, tapas e cerca de fundición dúctil de calzada, incluso escavación en todo terreo, recheo e transporte de terras sobrantes ó vertedoiro, construído segundo NTE/ISA-14, NTE/ISS-55, e Ordenanza, medida a unidade rematada. 579,17 €

8.4. Ud. De adaptación ó pozo existente, incluíndo cono, marco e tapa de fundición dúctil con dispositivo de acerroxado. 284,80 €

**9.- TRABALLOS ESPECIALS.**

9.1. Ud. De colocación de contador de ata 40 mm. de diámetro, sen incluír o aparello, en reposicións de subministración interrompido por fraude. 73,53 €

9.2. Ud. De reposición de conexión de abastecemento anulada por detección de fraude. 147,05 €



**CONCELLO DE VIGO**  
**DIRECCION DE INGRESOS**

**10.- PREZOS DE MAN DE OBRA E MAQUINARIA PARA TRABALLOS  
REALIZADOS POLA ADMINISTRACION.**

**10.1. MAQUINARIA**

10.1.1. Hora de compresor	12,30 €
10.1.2. Hora de camión MAN	39,12 €
10.1.3. Hora de camión PEGASO	31,30 €
10.1.4. Hora de camión EBRO	25,71 €
10.1.5. Hora de retroescavadora TY-45.	42,47 €
10.1.6. Hora de retroescavadora TY-45 con martillo	106,19 €
10.1.7. Hora de retroescavadora LY-80.	54,78 €
10.1.8. Hora de carterpillar 955/950.	54,78 €
10.1.9. Hora de tractor grúa.	31,30 €
10.1.10. Hora rodete compactador.	43,60 €
10.1.11. Hora de bituminadora.	38,00 €
10.1.12. Hora de compactadora tipo ra bandexa	8,10 €
10.1.13. Hora cortadora de pavimentos	24,31 €
10.1.14. Hora de vehículo lixeiro transporte.	16,21 €

**10.2 MAN DE OBRA**

10.2.1. Hora de xornal de PEÓN	10,48 €
10.2.2. Hora de xornal OFICIAL	11,05 €

Para a redacción do correspondente orzamento, tanto de conexións como de prolongacións de abastecemento e saneamento, os prezos das unidades de obra indicados neste Cadro, deberán ser incrementados no 19% en concepto de Gastos Xerais e Beneficio Industrial. Serán igualmente de aplicación nestes orzamentos os impostos vixentes en cada momento.

Para a inclusión das unidades de obra non reflectidas neste Cadro de Prezos nos orzamentos de conexións ou prolongacións da rede, o concesionario reflectirá suficientemente xustificado no orzamento, o prezo das ditas unidades de obra.

**2º) Someter a Ditame do TEA do Concello.**

**3º) Aprobación provisional en sesión plenaria.**

**4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.**



**CONCELLO DE VIGO**  
**DIRECCION DE INGRESOS**

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

Vigo, 25 de agosto de 2015

A Directora de Ingresos

Asdo.: M<sup>a</sup> Jesús Magdalena Vila

Conforme,

O Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda

Asdo.. Jaime Anxos Pereira



CONCELLO DE VIGO  
Dirección de Ingresos

**DILIXENCIA:**

Pase ao Tribunal Económico-Administrativo do Concello a seguinte relación de propostas de modificación de ordenanzas fiscais para o exercicio 2016, a efectos de que ese Tribunal realice informe previo de legalidade.

- 1) Modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais.2016

Vigo, 26 de agosto de 2015  
A Directora de Ingresos

Asdo.: M<sup>a</sup> Jesús Magdalena Vila

A firma manuscrita da M<sup>a</sup> Jesús Magdalena Vila, que se estende sobre o texto da dirección e do nome, e continúa por debaixo do nome.



CONCELLO DE VIGO  
TRIB. EC-ADM

**TIPO: Informe**

**SOLICITANTE: DIRECCIÓN DE INGRESOS**

**EXPEDIENTE: ORDENANZA AUGA 2016 REF: 13711 E3880 P3461**

**ASUNTO: Informe previo sobre modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas pola prestación de Servizos de Subministración de Auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais**

**En Vigo, a 26/08/2015, examinada a proposta de informe asinada polo Vocal do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo en data 26/08/2015 co seguinte literal:**

Remítense a este Tribunal os expedientes relativos á modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas pola prestación de Servizos de Subministración de Auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais a fin de que se emita informe previo.

En atención o requirimento efectuado este Tribunal ten a honra de informar o seguinte:

**LEXISLACIÓN APLICABLE E TRAMITACIÓN:**

A modificación das Ordenanzas Fiscaís ven regulada, nos aspectos que aquí nos interesan, nas seguintes normas:

- Lei 7/1985, de 7 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais(LFL).
- Regulamento Orgánico do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo aprobado polo acordo do Pleno do Concello de Vigo na súa sesión do 14 de xuño de 2.004 (ROTEACV).

A modificación das Ordenanzas fiscaís é competencia exclusiva e non delegable do Pleno, pois se efectúa no exercicio da atribución regulada no artigo 123.1.g ("La determinación de los recursos propios de carácter tributario") e a súa tramitación non sigue as normas xerais de modificacións de Ordenanzas e Regulamentos que veñen establecidas pola propia LRBRL, sinón as específicas establecidas poño TRLFL.

Efectivamente, compre ter en conta que o artigo 111 LRBRL establece que "Los acuerdos de establecimiento, supresión y ordenación de tributos locales, así como las modificaciones de las correspondientes Ordenanzas fiscales, serán aprobados, publicados y entrarán en vigor, de acuerdo con lo dispuesto en las normas especiales reguladoras de la imposición y ordenación de tributos locales..." e que a dita normativa está contida nos artigos 15 a 19 da LFL, polo que, no caso das Ordenanzas Fiscaís, a súa tramitación non sigue o procedemento ordinario nin o establecido polo Regulamento Orgánico do Pleno, cuxo artigo 89,1 xa exclúe da tramitación polas normas nel contidas os proxectos normativos que contén con lexislación sectorial aplicable e dita lexislación, coma dixemos, e a dos artigos 15 e 19 da LFL, ós que se remite o artigo 111 da LRBRL.

Nesta regulación sectorial, e e concreto no artigo 17 LFL, se prevé un específico trámite de información pública para que, antes da aprobación definitiva, os interesados que cita a propia Lei poidan "presentar reclamaciones" concepto éste máis concreto e restrictivo que o de "alegaciónes y observaciones" do procedemento xeral.

Por iso, e sin prexuízo de que, antes de sometelo a aprobación plenaria, o goberno municipal poida efectuar as súas lexitimas transaccións cós grupos municipais ou incluso enmendar o propio texto proposto, o Pleno non pode máis que ratificar ou non o Proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local e posteriormente dictaminado por este Tribunal Económico Administrativo en virtude do disposto nos artigos 137.1.b da LRBRL e 2.b do ROTEACV.

Tal e coma se recolle nas propostas remitidas, "O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL sometendo a ditame do TEA do Concello o "Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal".

Sendo o presente documento unha "Proposta de Modificación de Ordenanza Fiscal", adquiriría a condición de "Proxecto", tra-lo acordo aprobatorio da Xunta de Goberno Local.

Esta Dirección de Ingresos solicita, coa conformidade do Sr. Concelleiro Delegado de Economía e Facenda, da Xunta de Goberno Local, a aprobación da proposta que contén este expediente. De resultar aprobada, remitirase ao TEA do



CONCELLO DE VIGO  
TRIB. EC-ADM

Concello para ditame do "Proxecto de Modificación". Unha vez ditaminado, o Ilmo. Sr. Alcalde resolverá a súa remisión ao Pleno da Corporación para cumprimento dos artigos 15 a 19 do TRLRFL.

Para o caso de que o Proxecto aprobado en Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEA, fose emendado, sexa pola oposición o polo propio goberno, as emendas deberan ser incorporadas ao "Proxecto" que se someterá novamente á Xunta de Goberno Local e ditame do TEA. "

#### SOBRE AS MODIFICACIÓNS PROPOSTAS

Segundo consta nos antecedentes do texto remitido para informe previo e no que se concretará a proposta:

"Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de "Modificación da Ordenanza fiscal reguladora das Taxas pola prestación de Servizos de Subministración de Auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais" que figura no presente expediente

A aportación fiscal desta taxa vense reducindo dende o exercicio 2012 porque a variación positiva dos índices de prezos habida dende 30 de abril de 2011 non foi trasladada ás tarifas da ordenanza fiscal, o que significa á data de 30 de abril de 2015, unha redución, en termos reais, respecto das vixentes no exercicio 2012, dun 3,2% .

A actualización que se presenta a aprobación implica só a recuperación do efecto da depreciación monetaria experimentada entre 30 de abril 2012 e 30 de abril 2015 (resta por recuperar o efecto da variación de índices de prezos entre abril 2011 e abril 2012: 2,1%).

A presente modificación consiste en actualizar as tarifas vixentes conforme a variación experimentada polo IPC dende 30 de abril de 2012 ata 30 de abril de 2015.

Dende o punto de vista legal, o límite que establece o artigo 24.2 do TRLRFL: "O importe das taxas pola prestación dun servizo ou pola realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto do xuste real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate"; está moi lonxe de ser alcanzado nesta taxa, segundo se desprende do estudo económico que consta neste expediente.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL sometendo a ditame do TEA do Concello o "Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal".

Sendo o presente documento unha "Proposta de Modificación de Ordenanza Fiscal", adquiriría a condición de "Proxecto", tra-lo acordo aprobatorio da Xunta de Goberno Local.

Esta Dirección de Ingresos solicita, coa conformidade do Sr. Concelleiro Delegado de Economía e Facenda, da Xunta de Goberno Local, a aprobación da proposta que contén este expediente. De resultar aprobada, remitirase ao TEA do Concello para ditame do "Proxecto de Modificación". Unha vez ditaminado, o Ilmo. Sr. Alcalde resolverá a súa remisión ao Pleno da Corporación para cumprimento dos artigos 15 a 19 do TRLRFL.

Para o caso de que o Proxecto aprobado en Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEA, fose emendado, sexa pola oposición o polo propio goberno, as emendas deberan ser incorporadas ao "Proxecto" que se someterá novamente á Xunta de Goberno Local e ditame do TEA.."

O Tribunal Supremo na súa sentenza de 7.10.1996 ten indicado o seguinte:

"Como é sabido o índice de prezos ó consumo (IPC) é unha magnitude que, xunto a outras, emprégase para medi-la evolución da economía nacional e debe ser tida en conta, tamén, para fixa-las tarifas das figuras tributarias..."

A proposta presentada pretende aumenta-la contía das tarifas das taxas para o exercicio á porcentaxe que corresponde á desviación sufrida polo índice de prezos ó consumo (IPC) durante o periodo de referencia

Noutra orde de cousas temos que manifestar que o Tribunal Supremo en sentencias de 20.07.1998 e 28.01.1999, ven indicando que cando a modificación da ordenanza fiscal dunha taxa se limita a aplica-lo incremento correspondente ó





CONCELLO DE VIGO  
TRIB. EC-ADM

IPC, tal modificación non pode calificarse de substancial dado que afecta simplemente ó mantemento do valor constante da presión fiscal razón pola cal inclusive pode prescindirse do preceptivo estudo económico-financeiro en tanto en canto as que serviron no seu día para a súa implantación conservan toda a súa virtualidade.

No expediente tramitado acompañase, actualizado, o estudo económico-financeiro citado xunta coas novas taxas propostas, en donde se constata que o importe das taxas pola prestación dos servicios ou pola realización das actividades non excede, no seu conxunto, do seu custo anual (art. 24.2, parágrafo 1º TRLRFL).

Por outra banda, as correccións técnicas enténdense sobradamente xustificadas.

En virtude do exposto este Tribunal considera conforme a dereito a proposta de acordo que consta no expediente.

Tralo exame da proposta subliñada, a Sala do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no exercicio das súas competencias

#### ACORDA

Prestar conformidade á proposta de Informe

Vigo, a 26/08/2015

O Secretario

Asdo: Manuel Xosé Lorenzo Penela

Vº e pr: o Presidente

Asdo: Albino Rodríguez Ferreira



**ASUNTO: MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2016 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS**

Remitida á Intervención Xeral expediente relativo ao asunto referenciado ao obxecto da emisión do preceptivo informe de fiscalización de conformidade co previsto no artigo 214 RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, con carácter previo á adopción do correspondente acordo, o funcionario que subscribe ten a ben emitir o seguinte

**INFORME:**

**Primeiro. Normativa de aplicación.**

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. (LRBRL)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), artigos 15 a 19.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria. (LXT)
- Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación. (RXR)
- Real Decreto 1.065/2007, de 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos.
- Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, modificada pola Lei 25/1998, de 13 de xullo, de Modificación do Réxime das Taxas Estatais e Locais e de Reordenación das Prestacións Patrimoniais de Carácter público. (LTPP)
- Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades Locais.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira. (LOEOSF)
- Regulamento Orgánico do Pleno.



**Segundo. Documentos que integran o expediente.**

- Informe técnico-económico do custo do servizo e os ingresos estimados para o exercicio 2016 derivados da aplicación da ordenanza, de data 19 de xullo de 2015, elaborado pola funcionaria Adxunta á Directora de Ingresos.
- Texto da Ordenanza vixente así como a nova redacción proposta.
- Informe-proposta de data 25 de agosto de 2015 asinado pola Directora de ingresos e conformado polo Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.
- Informe do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo aprobado en sesión extraordinaria e urxente número 2015/19 do 26/08/2015, en cumprimento do disposto no artigo 137.1 b) da LRBRL.

**Terceiro. Modificación proposta.**

Proponse a actualización das tarifas vixentes no 1,1% que constitúe a variación do IPC entre o 30 de abril de 2012 e o 30 de abril de 2015.

**Cuarto. Contido.**

A nova redacción da Ordenanza que se propón modificar integra o contido mínimo esixido no artigo 16 do TRLRHL, sen que, a xuízo do funcionario que subscribe, o texto proposto conteña preceptos ou disposicións que contraveñan o disposto no TRLRFL, na LXT, ou nas demais Leis do Estado reguladoras da materia e demais disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

**Quinto. Consideracións xurídicas.**

1. En cumprimento do disposto no apartado 2 do artigo 24 do TRLRFL, no expediente consta estudo económico-financeiro elaborado por técnico municipal donde se acredita que a tarifa media estimada para o ano 2016 da taxa a que nos estamos a referir, tras o incremento proposto (0,9885 €/m<sup>3</sup>), non excede, do custo unitario estimado no citado exercicio (1,1706 €/m<sup>3</sup>), do que resulta un índice de cobertura do 84,44%.



A importancia da esixencia de elaboración dos estudos e memorias económico-financeiras como trámite esencial do procedemento fixado polo TRLRFL (A LEI 362/2004), xustifica a nulidade das ordenanzas fiscais expedidas con omisión deste trámite, ou a súa insuficiencia [Sentenza do Tribunal Supremo do 18 de marzo de 2010 (A LEI 55579/2010) (A LEI 55579/2010)].

